

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2025

Ás 10.00 horas do día 31 de xaneiro de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

A deputada do Grupo Socialista, dona Marina Vaz Quintillán, entrou no salón de sesións cando se trataba o punto segundo da orde do día.

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sexto da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de decembro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 20 de decembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2025.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2025, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 19 de decembro de 2024, por importe de 1.805.000,00 euros, co seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos:

Capítulo 1.- Gastos de persoal, 418.638,91 euros.

Capítulo 2.- Gastos bens correntes e servizos, 1.386.061,09 euros.

Capítulo 3.- Gastos financeiros, 300 euros.

Total gastos: 1.805.000,00 euros.

Estado de ingresos:

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos, 1.805.000,00 euros.

Total ingresos: 1.805.000,00 euros.

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para revolverlas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2025.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación cos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Deputación Provincial de Ourense establece a taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público competencia das entidades locais e doutras entidades de dereito público da provincia de Ourense, que delegaran ou encomendaran ditas competencias na entidade provincial.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades administrativas necesarias para exercer as funcións de xestión, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que se deleguen ou encomenden á Deputación Provincial de Ourense.

Con respecto á delegación das facultades de xestión tributaria e recadación en executiva dos ingresos de dereito público que sexan de devindicación periódica unicamente se aceptará esta pola Deputación Provincial de Ourense se tamén se delega a recadación en período voluntario dos ditos ingresos

Artigo 3.- SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

Non están suxeitos a esta taxa os servizos de xestión, inspección e recadación da recarga provincial sobre o Imposto de Actividades Económicas.

Artigo 4.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, os concellos e demais entidades de dereito público que deleguen na Deputación Provincial de Ourense as facultades de xestión, inspección e recadación dos seus recursos de dereito público (tributarios ou non).

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE

A base imponible sobre a que se aplicarán as tarifas do artigo 6 virá determinada polo importe do efectivamente recadado.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA E TIPO DE GRAVAME

A) Recadación voluntaria:

A cota tributaria resulta de aplicarlle ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5%.

B) Recadación executiva

A taxa para satisfacer pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de prema que pagara o debedor.

C) Servizos de inspección

A cota tributaria será o resultado de aplicar un tipo de gravame do 15% aos importes recadados pola débeda descuberta no exercicio das funcións inspectoras delegadas. No suposto de que a recadación se produza en período executivo aplicarase así mesmo un tipo de gravame do 100% da recarga de prema que pagara o debedor.

Artigo 7.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se autorizarán exencións nin bonificacións sobre as cotas que resulten por aplicación das tarifas previstas nesta Ordenanza, salvo aquelas que veñan establecidas, con carácter xeral, nas disposicións legais aplicables.

Artigo 8.- DEVINDICACIÓN

A taxa devíndicase e nace a obriga de contribuír cando a Deputación Provincial de Ourense realiza as función descritas no artigo 2 desta Ordenanza, cuxa titularidade lles corresponde ós concellos e entidades públicas que delegaran a súas competencias na Deputación de Ourense.

Artigo 9.- LIQUIDACIÓN E INGRESO

A taxa resultante de aplicar as tarifas previstas nesta Ordenanza aboaranse na data en que a Deputación Provincial de Ourense ordene a transferencia dos ingresos por cuxa recadación se devindicou a taxa. A Deputación de Ourense liquida a taxa e notifícalle ao concello ou ao ente acredor, mediante comunicación trimestral, o volume total de recadación e a contía da taxa, ao tempo que ordena a transferencia do importe pola diferenza entre recursos recadados e taxa liquidada.

Artigo 10.- ANTICIPOS

A Deputación Provincial de Ourense poderá entregarlles anticipos a conta aos entes locais da provincia que teñan delegada a recadación voluntaria de tributos e prezos públicos de vencemento periódico.

O importe dos anticipos a conta poderá alcanzar ata o 75% do recadado en período voluntario do exercicio anterior polos tributos e prezos públicos de devindicación periódica, cuxa recadación teña encomendada a Deputación. Excepcionalmente, esta porcentaxe poderá alcanzar ata o 95% cando se xustifique por parte do concello a existencia dunha necesidade urxente ou desfase transitorio de tesourería, e así sexa apreciado polo órgano competente para a súa concesión. Os anticipos deberán ser solicitados polos entes locais, non podendo pedirse máis de doce anualmente.

Antes do remate do primeiro trimestre do exercicio seguinte, a Deputación practicará a oportuna liquidación dos servizos tributarios, facéndose efectivo, se é o caso, o saldo que poida resultar a favor dos concellos, unha vez deducidas as entregas efectuadas a conta. Se a recadación efectiva fose inferior ás cantidades anticipadas no ano, o saldo negativo resultante nesta liquidación final regularizarase ao longo do exercicio seguinte.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Sancións en materia de tributos e demais recursos de dereito público

O importe das sancións que impoña a Deputación Provincial de Ourense por infraccións cometidas polos contribuíntes ou obrigados ó cumprimento de obrigas en materia tributaria ou de calquera outro recurso, corresponderalle, na súa totalidade, á Deputación de Ourense.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Xuros de mora

Os importes recadados por xuros de mora corresponderalles, na súa totalidade, ás administracións titulares dos recursos por cuxa xestión de cobro se recadaron.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Custos

Os custos e outros gastos legalmente esixibles ó obrigado ó pagamento nos que se incorra no proceso de recadación executiva serán ingresos da Deputación Provincial de Ourense.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

As tarifas previstas nesta Ordenanza aplicaranse sobre as liquidacións que se aproben a favor das entidades delegantes a partir da súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Os concellos ou entidades de dereito público que teñan delegado na Deputación Provincial de Ourense as facultades recadación executiva dalgún ingreso de dereito público de devindicación periódica disporán do prazo dun ano a partir da aprobación definitiva da modificación desta Ordenanza para delegar a recadación voluntaria do dito ingreso de dereito público. En caso de non efectuar esta delegación da recadación voluntaria no prazo dun ano, a delegación da recadación executiva deixará de estar vixente, revertendo no concello ou entidade delegante.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a anterior “Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo provincial de recadación de tributos municipais” publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense n.º 98 de data 30 de abril de 1993.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo: Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo isto de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

4º.- EXPEDIENTE NÚMERO 1/2025 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), Grupo Socialista (7) e BNG (3) e a abstención de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 1/2025 de modificación das bases de execución do orzamento xeral da entidade para o exercicio 2025, do seguinte xeito:

Primeiro.- BASE 100ª.- ANTICIPOS DE PAGAMENTOS A FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL FIXO.

Poderanse conceder anticipos reintegrables das retribucións líquidas que lle corresponda percibir ao solicitante, **cun tope máximo de 6.000,00 euros.**

Estes anticipos solicitaranse mediante instancia, co informe do Negociado de Persoal e da Intervención Xeral, e expedirase a orde de pagamento unha vez aprobada a concesión.

Os reintegros das cantidades anticipadas efectuaranse en 48 mensualidades como máximo, sen prexuízo de que os interesados poidan entregar maiores sumas para anticipar a amortización.

Mensualmente, ao tempo de facer efectivos os seus haberes, seralles descontados aos empregados a parte proporcional que proceda.

Segundo.- Base 39ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA, na que se engaden puntualizacións e cambios, motivadas polas incidencias acontecidas nas xustificacións correspondentes ao exercicio 2024, que queda redactada do seguinte xeito:

1.- Os gastos que se poderá atender cos fondos situados como anticipo de caixa fixa son os seguintes: material de oficina non inventariable, mantemento de edificios, instalacións, material funxible, axudas, gastos de locomoción, subministracións menores e arrendamentos de pequena contía.

2.- A contía dos anticipos de caixa fixa que se poidan formalizar non excederá en ningún caso de 5.000,00 euros por cada caixa.

3.- Os diversos centros remitiranlle á Intervención Xeral, cando estea próximo o esgotamento do anticipo, as contas xustificativas do gasto realizado con cargo ao anticipo de caixa fixa, para os efectos de reposición de fondos ata o total do anticipo.

4.- En todo caso, **ANTES DO 10 DE DECEMBRO**, xustificarse o anticipo e os fondos que ao remate do exercicio se encontren en poder do receptor do anticipo e deberán ser reintegrados á conta restrinxida do habilitado.

5.- Os gastos efectuados con cargo a fondos librados como anticipos de caixa fixa que non excedan de 3.005,06 euros estarán exentos de fiscalización previa, de conformidade co artigo 17 do RD 424/2017.

6.- O seguimento contable dos anticipos farase na forma prevista na ICAL 2013.

7.- O artigo 190.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, indica que os perceptores destes fondos, quedan obrigados a xustificar a aplicación destas cantidades percibidas ao longo do exercicio orzamentario no que se constituíu o anticipo de caixa fixa.

Polo tanto, os perceptores de fondos públicos que no exercicio anterior non tiveran xustificado o anticipo e ingresado os fondos restantes non xustificadas na conta bancaria restrinxida habilitada no prazo estipulado na base 39 das de execución do orzamento xeral desta entidade, **NON PODERÁN SOLICITAR un anticipo de caixa fixa para o exercicio vixente.**

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A MOBILIDADE DE TODA A VECIÑANZA, RETIRANDO A PROPOSTA DO MAPA DE CONCESIÓN ESTATAIS DE LIÑAS DE AUTOBÚS QUE SUPRIME PARADAS EN 6 CONCELLOS DA NOSA PROVINCIA

A esta moción presentou unha emenda o BNG, que é aceptada polo grupo propoñente da moción.

D. José Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“As liñas regulares de transporte de viaxeiros por autobús son claves para garantir e favorecer a mobilidade dos cidadáns, en especial daqueles que viven en zonas rurais e con menor densidade de poboación, e tamén para comunicar e vertebrar a nosa provincia e conectala co resto de España. O transporte interurbano de viaxeiros por estrada é un servizo de carácter público de competencia estatal prestado mediante un contrato de concesión. Polo tanto, corresponde ao Goberno de España e, en particular, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, deseñar a rede estatal. No ano 2022 tivo lugar un primeiro intento de impoñer un novo mapa de rutas do autobús estatal, que provocou gran alarma e alegacións tanto entre os gobernos autonómicos como entre a cidadanía, pola supresión de paradas e rutas. A pesar de que no seu momento se retirou esta proposta, ante o rexeitamento que provocou, lonxe de rectificar o Goberno central volveu propoñer un novo mapa que retomou de novo a tentativa de suprimir paradas e rutas en termos semellantes aos do ano 2022. A nova proposta faise desde a imposición, sen contar coas outras administracións (autonómica,

provincial e local), nin atender ás alegacións presentadas nin as peticións da veciñanza afectada. Desde o Partido Popular xa solicitamos que se tiveran en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa provincia e prestárase especial atención ás conexións no rural, básicas cara a loita contra a despoboamento e o envellecemento. No último medio século, Ourense é unha das provincias que máis poboación perdeu: Ao redor de 136.000 habitantes menos entre 1971 e 2021. Ademais, tamén é unha das provincias españolas nas que se produce un maior envellecemento e desequilibrio entre o número de nacementos e de mortes, dando lugar á súa vez a graves problemas patrimoniais, económicos ou de calidade de vida, aos que ten que facer fronte o medio rural. As decisións do Goberno central van na dirección contraria de reverter esta situación, xa que, co novo mapa, 6 concellos ourensáns máis quedarían illados das rutas estatais. Todas as forzas políticas galegas están en contra de esta medida, agás o PSOE. O BNG pediu o pasado mes de outubro rectificar e non suprimir paradas galegas na proposta do Plan Estatal de Transporte, rexistrando iniciativas para esixir ao Goberno de España que rectifique e non elimine as paradas en concellos galegos no mapa estatal de transporte colectivo. Así, coa reestruturación do Ministerio de Transportes elimínase 90 tráficos dentro de Galicia. Un recorte que deixaría sen parada aos concellos de Trasmiras, A Mezquita, Ribadavia, Riós, A Rúa e Allariz na Provincia de Ourense e Arzúa, Melide, Chantada, O Corgo, Guitiriz, Baralla, Meira, Monterroso, As Nogais, Palas de Rei, Quiroga, A Pontenova, Forcarei, Lalín, Tui, Silleda e O Porriño, no resto de Galicia. Con este modo de entender o servizo público, os responsables políticos da administración central poñen por riba do equilibrio territorial criterios económicos que só levan ao deterioro do transporte público e que van en contra das necesidades das comunidades, como a galega, de garantir os dereitos dos concellos do rural e a igualdade de oportunidades da veciñanza como única opción para acadar o asentamento poboacional. Estamos a ver como se desmantelan pouco a pouco todos os servizos estatais, especialmente os máis básicos, como son Correos, a seguridade cidadá (merecendo estes un capítulo aparte), o ferrocarril e o transporte público por estrada, facendo menos atractivo o noso territorio para atraer poboación e que a cidadanía ourensá sufra as consecuencias, chegando incluso a ter que deixar o seu fogar de toda a vida. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes **ACORDOS**: 1. Instar ao Goberno de España a garantir a mobilidade da veciñanza nos concellos afectados, retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús, garantindo o mantemento das paradas que se pretenden suprimir e recuperando as xa suprimidas. 2. Instar ao Goberno de España a que calquera proposta que pretenda establecerse incorpore as demandas trasladadas desde todas as administracións en relación con este servizo de mobilidade, en particular, que se

teñan en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa provincia e se preste especial atención ás conexións do e no rural”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda do BNG e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourense (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a garantir a mobilidade da veciñanza nos concellos afectados, retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús, garantindo o mantemento das paradas e/ou dos servizos que se pretenden suprimir e recuperando as xa suprimidas.
2. Instar ao Goberno de España a que calquera proposta que pretenda establecerse incorpore as demandas trasladadas desde todas as administracións en relación con este servizo de mobilidade, en particular, que se teñan en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa provincia e se preste especial atención ás conexións do e no rural.

6º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO SOCIALISTA E DO BNG PARA RATIFICAR A XESTIÓN PÚBLICA E DIRECTA DO CPAD DE OURENSE

O Grupo Socialista e o BNG presentan unha moción para ratificar a xestión pública e directa do CPAD de Ourense coas seguintes propostas conxuntas de acordo:

PRIMEIRA.- O Pleno da Deputación de Ourense rexeita o acordo da Xunta de Galicia de outorgarlle a unha “entidade da iniciativa social” a xestión do CAPD de Ourense por contravir o desexo manifestado expresamente polas familias, por contravir os acordos asinados por todos os partidos políticos en 2016, por contravir o xa manifestado por varios concellos de Ourense e por ir en contra da consideración unánime do Pleno da Deputación de Ourense en xaneiro de 2020 e decembro de 2024.

SEGUNDA.- Esixirlle á Deputación de Ourense a cumprir cos compromisos adquiridos e ratificar a xestión pública e directa do CAPD de Ourense, tal e como foi subscrito pola unanimidade dos grupos políticos con representación na Corporación Provincial na moción conxunta “Para o apoio á xestión pública e directa do CAPD de Ourense”, aprobada no Pleno do 20 de decembro de 2024.

TERCEIRA.- Esixirlle á Deputación de Ourense a activa defensa dos intereses da provincia e da súa veciñanza para que adopte as medidas de presión oportunas diante da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia con vistas a desbotar a apertura dun proceso de licitación da xestión do CAPD de Ourense e retomar o compromiso a prol da súa xestión pública e directa.

CUARTA.- Esixirlle á Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia a realización, á maior brevidade posible, dun encontro entre a conselleira e membros da Plataforma ProCAPD, representantes dos grupos políticos con representación na Deputación de Ourense e o presidente da Corporación Provincial.

O Grupo Socialista e o BNG cédenlle a palabra na primeira quenda a Eva Gutiérrez, portavoz da plataforma PROCPAD.

O Grupo Popular cede a súa primeira quenda a Ramón Sestayo, presidente de Cermi Galicia. A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A ADOPCIÓN DUNHA ESTRATEXIA AMPLA E EFECTIVA PARA A PROTECCIÓN FRONTE OS RISCOS ASOCIADOS AO GAS RADON

A esta moción presentou unha emenda transaccional o Grupo Popular, que é aceptada polo grupo propoñente da moción.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

“O gas radon é un elemento radioactivo natural, incoloro e inodoro, que se orixina en chans graníticos e acumúlase en espazos pechados, como vivendas ou lugares de traballo. A súa inhalación prolongada asociase a un maior risco de cancro de pulmón, sendo a segunda causa principal deste andazo despois do tabaco. O radon participa do 10 ao 25% de todos os casos de cancro de pulmón, coma detonante principal entre non fumadores e coma desencadéante secundario entre fumadores e ex-fumadores. Recentes estudos reflicten que o risco de cancro de pulmón increméntase un 8% por cada 100 bequerelios (Bq)/m3 de aumento na concentración media de radon (IC95: 3-16%). Na provincia de Ourense a presenza de chans graníticos e un parque residencial antigo incrementa a concentración do radon en interiores. Amais, existe unha importante variación na concentración anual media nunha vivenda, que se explica, entre outros factores, polas variacións meteorolóxicas, o cal pode implicar que se subestime o risco se a medición se fai nun único momento ou período. Galicia é a rexión de España con meirandes concentracións de radon en vivendas e Ourense a provincia galega cuns índices máis elevados polas súas características xeolóxicas. Un 23% das vivendas superan os límites establecidos pola directiva europea 59/2013 EURATOM e o Código Técnico de Edificación (CTE), que implica que, de media, 1 de cada 4 vivendas da provincia convive con concentracións superiores a 300 Bq/m3. Un estudio realizado polo

Laboratorio Radon da Universidade de Santiago de Compostela da conta dos niveis de concentración no interior das vivendas de Ourense a partires de medicións en 797 vivendas (2,6 análises por cada 1.000 habitantes), situándose como a provincia mellor caracterizada do Estado neste senso. Sobre o papel, tal nivel de detalle facilita a realización de accións correctivas para evitar as consecuencias nocivas de vivir con elevadas concentracións de radon, ofrecer información aos veciños para adoptar medidas en fogares e lugares de traballo, e pode servir de guía aos concellos para protexer a saúde das súas veciñas e veciños. Na provincia o gas radon confórmase coma problema significativo, especialmente en certas comarcas e municipios. A comarca con maior número de medicións de radon é Ourense (303) seguida de O Carballiño (91). A zona de Allariz-Maceda é a que presenta unha maior porcentaxe de vivendas analizadas que superan os límites establecidos (36,8%), seguida das Terras de Trives (35,3%). Namentres, as comarcas con menor número de vivendas avaliadas que superan estes selos de radon están situadas na Limia (11,1%) e nos concellos celanoveses (11,5%). Por municipios, a concentración do gas é moi variable. Tomando en conta soamente concellos con máis de dez medicións, os que teñen maiores ratios de concentración de radon son San Cibrao das Viñas e Pereiro de Aguiar, con case 4 de cada 10 vivendas por riba dos máximos (300 Bq/m³), situándose no extremo contrario O Barco de Valdeorras, que non chega nin a unha vivenda estudada de cada dez por riba do límite. Os poderes públicos teñen adoptado medidas para abordar a problemática. A estratexia autonómica “Reduce radon” inclúe a medición dos niveis de gas en centros socio-sanitarios e educativos, así como a promoción de avaliacións en fogares e lugares de traballo. Desde outono de 2024, o 90% dos locais comerciais galegos deben someterse a medicións de radon en plantas baixas e soutos dentro do plan de Prevención de Riscos Laborais. Ese mesmo ano o ministerio de Sanidade adoptou o Plan Nacional contra o Radon, que establece directrices para identificar e mitigar a presenza do gas en vivendas, edificios de acceso público e entornas laborais, coma complemento á acción dos poderes autonómicos. Para reducir a concentración de radon en interiores téñense implementado solucións como ventilacións forzadas, instalación de arquetas de succión e membranas anti-radon, que son barreiras impermeables en chans e paredes que evitan a infiltración en edificacións. Asemade, leváronse a cabo campañas informativas de sensibilización sobre os riscos do radon e a importancia de realizar medicións, ofrecéndose formacións específicas a profesionais. A Deputación de Ourense tamén ten tomado iniciativas relacionadas co gas radon, como a elaboración dun mapa de concentración de radon, que identifica as zonas con maior risco na provincia, e a promoción de obradoiros, charlas e reparto de material informativo sobre os perigos do radon e formas de mitigación. Porén, á luz do impacto do radon na provincia, estas medidas entóxanse curtas, requiríndose dunha estratexia máis

ampla e efectiva. Neste senso, a Deputación está chamada a traballar no deseño dun plan específico, con metas claras e dotado de recursos consecuentes, que oriente e coordine as accións dos municipios de toda a provincia contra o radon con vistas a garantir a integridade e saúde da veciñanza. O plan debe contemplar iniciativas como: 1) medicións de balde ou a baixo custo en vivendas e locais, 2) instalación de mecanismos de mitigación en edificios de titularidade pública, colaborando cos concellos que se podan ver especialmente afectados; 3) subvencións para mitigar o gas en vivendas privadas, 4) a promoción da adopción de normativas locais de construción, con requisitos específicos nas licencias de obra para garantir que as novas edificacións incorporen sistemas de protección e 5) impulsar o uso de novas tecnoloxías para a detección e seguimento dos niveis de radon. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a adoptar un Plan Provincial Integral contra o Gas Radon, con obxectivos claros e dotado de recursos suficientes para orientar e coordinar as accións dos concellos, administracións e entidades privadas con vistas á protección da saúde da veciñanza fronte aos riscos asociados ás elevadas concentracións do gas. SEGUNDA.- Namentres non se adopta o devandito Plan, instar á Deputación de Ourense a reforzar o número e cadencia das medicións de gas radon, promovendo a súa gratuidade sempre que sexa posible, en cooperación con outras administracións e instancias académicas, multiplicando as accións de divulgación e sensibilización arredor dos perigos das elevadas concentracións de gas. TERCEIRA.- Namentres non se adopta o devandito Plan, instar á Deputación de Ourense a colaborar cos concellos a todos os niveis, xa sexa normativo, consultivo ou mesmo financeiro, para paliar o impacto, anticipar e previr os efectos perniciosos da exposición ao gas radon”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a emenda transaccional do Grupo Popular e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Crear un programa de cooperación para os concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, interesados no control de eliminación do gas Radón nos seus respectivos ámbitos territoriais, con recursos para prestar e coordinar as accións dos concellos con vista a protección da saúde da veciñanza fronte aos riscos asociados das elevadas concentracións de Radón.
2. Que o Goberno Provincial, en convenio coa U.S.C., realice os estudos necesarios para controlar e erradicar o gas Radón nos concellos adscritos previamente ao programa de cooperación, promovendo a súa gratuidade, sempre que sexa posible, en cooperación con

outras administracións, multiplicando as accións de divulgación e sensibilización sobre os perigos das elevadas concentracións de gas.

3. Que desde o Departamento de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Ourense se elaboren informes periódicos sobre a presenza do gas Radón nos edificios provinciais e a exposición dos traballadores a este gas e que se adopten as medidas oportunas para reducir os seus niveis, informando cada trimestre dos controles e medidas feitas. Colaborando cos concellos a todos os niveis, xa sexa normativo ou consultivo, para paliar o impacto e previr os efectos perniciosos da exposición de gas.

8º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

9º.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de decembro de 2024.

Os membros da Corporación quedan informados.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

E, ás 12.46 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo

a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

<iframe width="560" height="315"

src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/01/31/Grabando_en31-01-2025/video_202501311002000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>